

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE OBRAS DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO AUDITORIO MUNICIPAL

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 12-2020, por un importe total de 37.652,40 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020, para dar cobertura ás obrigas que se desprenden da execución de obras de reparación en distintas instalacións deportivas municipais.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal de data 31/07/2020, así como RCMOD por importe de 37.652,40 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 37.652,40 euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	Código proxecto	IMPORTE €
91201.22799	37.652,40 €	93301.63200	20XX00034	37.652,40 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	37.652,40 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		37.652,40 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.